


DOMÈNECH I MONTANER E O DESCUBRIMENTO DO ROMÁNICO

Rebeca Rúa Sueiro
Universidade de Santiago de Compostela

Exposición: do 17 de maio ata o 17 de setembro de 2006. Organización: Departamento de Arte Románica do Museo Nacional de Arte de Cataluña coa colaboración do Colexio de Arquitectos de Cataluña. Comisarios: Manuel Castiñeiras, conservador de Arte Románica do MNAC e Gemma Ylla-Català, adxunta de conservación do MNAC. Catálogo: *Lluís Domènech i Montaner. Viatges per l'arquitectura romànica*. Autores: Enric Granell e Antoni Ramon (con epílogo de Manuel Castiñeiras e Gemma Ylla-Català), Colexio de Arquitectos de Cataluña (COAC), Barcelona, 2006, 335 págs.



A visión e o estudo que un arquitecto modernista fai da arquitectura románica ten un gran interese. Así, Enric Granell e Antoni Ramon recollen no seu libro o material, ata o de agora inédito, do arquivo privado do arquitecto Lluís Domènech i Montaner (1849-1923) doado ó Colexio de Arquitectos de Cataluña. Domènech recompilou datos ó longo de varios anos para a elaboración dunha monografía sobre a arte románica en Cataluña, pero finalmente non a levou a cabo.

As notas, fichas, fotografías e debuxos de Domènech recóllense nesta publicación. Predo-

mina o material gráfico, xa que en moitas ocasións o arquitecto só facía fotografías e debuxos dos edificios que visitaba, e non tomaba ningunha nota. Os comentarios escritos que se conservan aparecen transcritos dunha forma literal.

Con motivo da publicación deste libro, o Museo Nacional de Arte de Cataluña realizou unha exposición na que se amosan as obras de arte da colección permanente do museo xunto coas anotacións e fotografías das viaxes de investigación que Domènech realizou nos primeiros anos do século XX.

A figura de Domènec é coñecida principalmente pola súa obra arquitectónica como o Hotel Internacional da Exposición Universal de 1888, o Hospital de Sant Pau ou o Palau da Música. O seu labor no estudo da arquitectura románica non é tan coñecida, pero tivo unha gran importancia, xa que no seu arquivo aparecen as primeiras novas dalgunhas das pezas máis destacadas da arte románica catalana. Por exemplo, descobre as pinturas murais das igrexas de Taüll escondidas tras os retablos cando, ata o de agora, considerábase que a misión arqueolóxica de 1907 de Puig i Cadafalch e de Gudiol i Cunill fora o primeiro momento en que se tivo coñecemento delas.

A análise da arte medieval, do mesmo modo que para Domènec, tamén forma parte do traballo de importantes arquitectos desta época como Elies Rogent, Puig i Cadafalch ou Josep Pijoan. A súa actividade política non pode desligarse do estudo da arquitectura románica, xa que o interese pola recompilación exhaustiva do pasado medieval na Cataluña de fins do século XIX e principios do XX baséase na búsqueda da base da súa identidade nacional. Deste xeito a arquitectura románica considérase a arquitectura nacional catalana por excelencia.

No ambiente do excursionismo científico catalán de fins do século XIX, Domènec i Montaner realizou numerosas viaxes por toda a xeografía catalana e este estudo da arquitectura románica organízase no libro de Granel e Ramon dunha forma cronolóxica, reconstruíndo os itinerarios das súas viaxes. As excursións para o estudo exclusivo da arquitectura románica sitúanse entre os anos 1904 e 1906, aínda que con anterioridade, Domènec xa se acercara a algúns deses monumentos.

O primeiro paso que se recolle é a descrición do claustro de Sant Cugat del Vallés, publicada no *Album pintoresh* en 1879. Deste traballo só temos o resultado final, porque non se conservan as notas ou debuxos previos que probablemente realizaría.

A continuación faise referencia ó *Dietario* de 1893 onde Domènec recolle nun caderno as impresións das súas viaxes e dos edificios que visita, e incorpora debuxos dalgúns detalles como basas, capiteis ou escudos nobiliarios. Ademais tamén hai fotografías e postais. Este

caderno mostra cinco viaxes, das que en só tres delas visita monumentos da arquitectura románica catalana: na viaxe entre Tarragona e Bellpuig de les Avellanes, nunha visita ó castelo de Olost e nun percorrido polo Empordà. Aquí non só hai datos dos monumentos que visita, senón que tamén engade descrições das paisaxes e anécdotas que lle ocorren no camiño.

En 1901 realiza unha viaxe polo Penedès e a partir deste momento, e con especial intensidade entre 1904 e 1906, o obxecto das súas viaxes será exclusivamente a arquitectura románica. O seu itinerario transcorre polas comarcas do Pallars, a Cerdaña e o Val de Boí, aínda que faltan as datas dalgunhas das viaxes.

Agora o seu método de traballo baséase en fichas e realiza plantas e seccións do edificio a estudar. Este cambio de perspectiva no estudo mostra un esforzo dirixido á redacción dun libro. Nas fichas comeza por describir o camiño para chegar ó monumento. A localización do edificio, ás veces, explícase mediante un debuxo e insiste na topografía. As anotacións refírense ó tipo de fábrica, ó material, ó aspecto, á estrutura e ó estado de conservación. Dalle moita importancia os detalles ornamentais, tanto ás bandas ou arquiños do exterior como ós motivos escultóricos de basas e capiteis. Esta evolución metodolóxica na forma de traballo de Domènec obsérvase claramente no material recollido.

No que se refire á exposición do MNAC, está comisariada por Manuel Castiñeiras e Gemma Ylla-Català, que tamén realizaron o epílogo ó libro, no que intentan analizar o marco histórico-artístico no que se desenvolveu o traballo do arquitecto catalán e engaden algúns escritos inéditos de Domènec que mostran a súa visión do románico. Na exposición faise unha selección de todo o material gráfico que se publica na obra de Enric Granel e Antoni Ramon. Organízase en tres ámbitos diferenciados. No primeiro ámbito explícase o fenómeno do excursionismo científico de fins do século XIX. Deste xeito, expóñense mapas dos ferrocarrís, información das diferentes asociacións de excursionistas e as súas publicacións periódicas. Ademais, aparecen os elementos que Domènec utilizaba nas súas viaxes como a cámara fotográfica, dietario ou guías.

No segundo ámbito reconstrúense os itinerarios que realizou no ano 1904, que foron dos máis frutíferos, xa que visitou Àger, Burgal, Àneu, Taüll, etc. A última parte da exposición ofrece unha interpretación sobre o descubrimento da arte románica na Cataluña de fins do XIX e mostra o papel da Idade Media como fonte de inspiración na arquitectura de Domènech. Neste ámbito expóñense unha ampla representación das plantas e seccións que realizou Domènech para explicar o método de traballo do arquitecto.

Destacan os valores didácticos do libro e da exposición, coa intención de mostrar tanto os

obxectivos coma a metodoloxía dos seus estudos, e sempre inscrito no momento histórico que lle tocou vivir. Esta exhaustiva análise móstranos a un pioneiro do descubrimento, a valoración e o estudo da arte románica catalana. Un estudo que realiza dende diversas facetas como historiador, arquitecto, científico e político. E esta tarefa investigadora permítenos ter unha visión da situación da arte románica hai cen anos, sen a destrución da guerra civil, o expolio e as posteriores restauracións.